



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE

MARZO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas e quince minutos do día dezanove de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Maria Fernanda Montero Carré.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de marzo de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito de don Luis M. Taibo Casás, voceiro do grupo municipal de “Esquerda Unida” de Cambre, rexistrado de entrada con data do día 15 de marzo de 2012 co número 3.538, no que ante a convocatoria de folga xeral convocada polos sindicatos de clase do país e do conxunto do Estado, para o xoves día 29 de marzo do ano que andamos, e coincidir coa data de celebración do pleno municipal ordinario do concello correspondente a este mes, solicita o cambio de data da celebración da sesión.

- Escrito dos voceiros dos distintos grupos municipais presentes no pleno de Cambre, rexistrado de entrada con data do día 16 de marzo de 2012 co número 3.650, que ante a convocatoria da xornada de folga xeral para o día 29 de marzo de 2012, solicitan que se realice a convocatoria do pleno ordinario da corporación municipal correspondente ao mes de marzo de 2012, cambiando a data prevista do 29 de marzo, por outra o máis cercana posible, como por exemplo o mércores 28 de marzo.

- Resolución do 20 de febreiro de 2012, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se lle dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para o ano 2011, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. (Diario Oficial de Galicia número 50, de data do día 12 de marzo de 2012).

- Orde do 1 de marzo de 2012, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar, nos concellos de Galicia para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 51, de data do día 13 de marzo de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que está visitando persoalmente a todas as empresas que pode dentro do municipio, co fin de obter a súa asistencia sobre calquera medida de actuación que se poida facer desde o ámbito municipal, tendo en conta as suxestións desde o punto de vista dos comerciantes e negocios. Ademais de que poden comentar todo o que consideren oportuno, estánselles facendo preguntas, que tratan sobre :

- – Orientación de campañas de promoción económica
- – Feiras do Temple e da Barcala



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- – Principais problemáticas que teñen en cada sector, zona, barrio ou parroquia.

Continúa a dicir que as visitas comezaron pola zona do Temple. Os comerciantes, polo xeral, están tomándoo moi ben, se ben hai queixas da situación, dos problemas de aparcamento, de que nunca se preocuparon por eles, etc... Agradecen que agora se mostre preocupación desde o concello por eles. Pero tamén hai esixencias por parte dos comerciantes. Unha vez que rematen as visitas, farase un informe-resumo, para concretar os resultados da campaña.

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que este venres recibiu unha visita dos representantes do SECOT (Senior Española de Cooperación Técnica), que é unha asociación sen ánimo de lucro, con funcións de asesoramento e orientación laboral para desempregados e emprendedores. A reunión tiña por obxectivo a sinatura dun convenio de colaboración para que as empresas e veciños sexan obxecto de asesoramento. Son persoas con moita experiencia en economía e empresa. Quedou con eles en que revisaría a súa proposta, e se reunirán para tratar o tema nos vindeiros días.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que, en canto ao convenio coas empresas para a organización do festival Brincadeira, está case listo, queda por negociar a forma na que se vai retornar o diñeiro ás partes investidoras, e este é o asunto co que están. Ten a proposta do goberno, e a contraproposta formulada pola empresa, e pasarállas ao sr. alcalde para valoralas.

A seguir, tamén informa que na obra “cuberta do colexio Portofaro” semella que, ao final, non vai ser necesario modificar o proxecto, polo que se lle vai advertir ao contratista de que ten que continuar coa obra. De feito, el mesmo váillo comunicar á empresa de forma verbal hoxe mesmo. Se non quixeran continuar coa obra, faríaselles un requirimento para que a inicien, porque, de non facelo, rescindiráselles o contrato.

A continuación informa que se está redactando unha providencia para que os técnicos revisen as zonas incluídas no prego técnico para o mantemento das zonas verdes do concello, e para que fagan as medicións necesarias dos espazos, porque as medicións que temos actualmente fíxoas a empresa que está facendo o mantemento da xardinería, e pode que non se axuste á realidade. A seguir, dona M^a Jesús González Roel solicita que, xa que se van revisar os pregos, se inclúa dentro do mantemento as fontes, cando menos, unha vez ao mes, así como os lavadoiros. O señor alcalde manifesta que, se ben non sabe se resulta ou non competencia da brigada de obras, ou ben se o tería que facer a empresa adxudicataria, o

certo é que ven observando algo que lle chama a atención, e que acontece en todos os concellos, que é a falta de coidado na pintura dos bordos que rodean os xardíns, xa que ninguén se preocupa de pintalos. Se agora é o momento de facer suxestións, parécelle relevante que se teña en conta esta operación, polo tanto solicita que, se se pode incluír dentro do prego técnico para que o leve a cabo a empresa de mantemento dos xardíns, pois que se faga, e se non se pode, sería recomendable que se lle encomendase este labor á brigada de obras, ou a quen corresponda.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que a empresa Eptisa presentou un recurso de reposición contra o acordo do pleno, de desestimación do seu pedimento de cobro de recoñecemento extraxudicial de créditos, a medio dun escrito moi extenso, que ten uns cento e pico de folios. Está o xefe de urbanismo don Emilio Martínez realizando un informe, e despois probablemente fárao a técnica de xestión dona Fernanda Montero. De todas maneiras, solicitoulles aos técnicos que, antes de preparar a proposta para o pleno, se lles entreguen os informes para velos. A proposta que espera presentar é para non pagar, pero quere ver os informes, e facerlles aos demais concelleiros un resumo.

Respecto ao tema do organigrama, informa que terán unha xuntanza o día 21 sobre o asunto, e o día 23 cos representantes dos sindicatos, a ver se se chega a un acordo para elaborar o organigrama definitivo, e presentarllo ao sr. alcalde.

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que o mércores día 21 haberá unha reunión cos xefes das áreas para empezar a traballar sobre o plan de modernización municipal. Van comezar por organizar os procedementos, aproveitando un traballo previo que xa se fixera por unha empresa, para distribuilos entre as áreas que resulten do novo organigrama. O seu desexo é contar coa información, para que a teña o SAC e se poña na páxina web. Cre que nun par de meses, lograrao. Ademais, espera que a Comisión de Estatística dea o su visto e praxe ao novo formulario do padrón onde se poña a sinatura escaneada.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que lles entregará hoxe ou mañá o informe de Sementeira, que é moi extenso.

A continuación dona Rocio Vila Díaz informa que rematou o prazo de exposición ao público do Plan xeral ao remate deste mes. Na primeira semana do mes de abril van falar con Medio Ambiente, para que nos manden o informe. En paralelo, estase levando a realización da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

cartografía, que está cumprindo cos prazos previstos, polo que conta con que, a finais de abril, estea a cartografía rematada.

A seguir, dona M^a Jesús González Roel pregunta se se vai a facer algún acto polo Día da Árbore. Engade que pensou na posibilidade de facer un acto de planta dalgunha laranxeira na ladeira que hai a carón do Graxal. Don Manuel Marante Gómez manifesta que cre que sería posible facelo aí. Dona Rocio Vila Dfáz sinala que conta con 18.000 euros na aplicación de Medio Ambiente, polo que cre que poden, por conta desta partida, mercarse laranxeiras e plantalas. De todos os xeitos, pódese facer un presuposto para ver o que pode custar, e queda hoxe mesmo en pasar por alí.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez sinala que lle encargou á empresa Orto a elaboración dun informe sobre os plataneiros da Barcala, onde se van presentar dúas alternativas: ou ben talalos e plantar outras especies, ou levantar a beirarrúa por enriba e facer un recheo, para que as raíces non continuen levantando o pavimento, pero esta solución non é moi axeitada. Vaise pasar o informe á Deputación. Ademais, mandou facer outro informe para as zonas do polígono, orientadas á planta de laranxeiras, ou mesmo de cerdeiras, que non ensucian moito e permiten que os paxaros as coman. Gustaríalle que o informe se emitise neste sentido. Prefire que se planten laranxeiras, coas que mesmo poderían facerse campañas de recollida para os rapaces dos colexios, e levalas a un banco de alimentos. A seguir, dona M^a Jesús González Roel e don Felipe Andreu Barallobre sinalan que, ao seu parecer, é mellor plantar as laranxeiras bravas, para que a xente non as toque. De todas maneiras, queren levar o asunto ao pleno o antes posible.

A continuación, informa que na estrada que vai ao cemiterio da Barcala vánnos ceder terreo, e está preparando o enxeñeiro de camiños municipal a documentación, que se refire a unha leira tras Molduras, e máis na zona de entrada aos chabolos, para anchar por onde se poida.

Tamén informa que agora mesmo temos un problema grave. O sábado atascouse a rede de sumidoiros da Barcala, que leva toda esta zona. Trátase dunha bomba de relojería, xa que abarca desde a estación de Cambre cara adiante, e mesmo vai por leiras e zonas ás que non hai acceso. O atasco está desde o sábado, desde a zona que hai antes dos depósitos de propano da Barcala, e ao final se logrou desatascar por alí, pero se atascou 100 m máis adiante. Se isto reventa vai haber un problema moi grave. Xa deu orde a Felipe Mantiñan para que roce co tractor pola zona, porque as tapas do rexistro están invisibles. Cre que hai que buscar unha alternativa, porque o tubo vai a unha profundidade de 7 ou 8 m., e vai por fora do pechamento das tullas, e despois está a vía. Onte saía a auga por Fontenla polas

tapas, despois aliviou, e saía contra a vía do tren, pola terra. Segue atascado desde o sábado. Cre que hai que buscar unha alternativa, e hai que ver o que os técnicos propoñen, pero haberá que facer un proxecto de obra inmediato e custoso. Na zona do Mesón Vasco está saturada. Hai que recolocar esa instalación, e meter un tubo de 1 m o 1,20 m de diámetro. Non sabe se a idea sería pasalo polo paseo fluvial ou bombealo, e a ver que saída lles dan os técnicos. É un tema moi urxente, porque, se ademais chove, resulta moi perigoso. Xa se van poñer con o tema os técnicos de xeito inmediato.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que recibiu o informe de lacería do mes de febreiro, das actuacións en Cambre, as cales son as que a continuación se relacionan: 9 cans recollidos, 4 deles con chip, 6 servizos extraordinarios e 5 servizos fallidos.

A continuación, dona M^a Jesús González Roel sinala que as luces da estrada da estación ás 5 da tarde están acendidas. Don Manuel Marante Gómez explica que foi así porque se estivo regularizando con motivo das reducións de luz, pero agora está resolto. Agora están na zona do Mesón Vasco. Dona Marta María Vázquez Golpe sinala que na rúa Balado están estropeadas as luces.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado sábado día 17 tivo lugar o 25 aniversario da banda de música Sementeira no local da Xuventude de Cecebre, con moito éxito de público, e tamén informa que o venres 16 se inaugurou a exposición do grupo pictórico "O Salseiro".

A continuación, informa que o sábado 24 vai ter lugar o concerto de alumnos de Sementeira no local da Xuventude de cecebre.

Para finalizar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que ten previsto contratar as orquestras para as festas de agosto de Cambre. Semella que, ao final, vains contratar e custear o concello porque, se ben houbo unha comisión de festas interesada en xestionalo, non continuou coa iniciativa, polo que probablemente o concello se fará cargo do tema. Realizaranse as actuacións entre os días 14 ao 17 de agosto, tralo Rock in Cambre descánsase un día, e continúan as orquestras.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Maria Jesús González Roel informa que este mes se vai levar ao pleno unha proposta para solicitar unha botica anexa na Barcala. Trátase dunha sucursal dunha farmacia, e é necesario que na proposta se poña a palabra “anexa”. Xa se mandara un informe sobre os pasos para solicitar unha nova farmacia, pero isto non se logrou, polo que agora se vai pedir a botica anexa. A continuación, don Felipe Andreu Barallobre solicítalle que acuda á Xunta de Voceiros co fin de explicar o tema.

A seguir, informa que lle solicitou ao xefe de urbanismo don Emilio Martínez a documentación sobre os terreos para o novo colexio. Engade que terán unha cita co conselleiro unha destas semanas, porque hai que facer un novo colexio en Cambre, dado que é necesario.

Para rematar, dona Maria Jesús González Roel informa que quere solicitar que, ou ben a policía local acuda de xeito regular, ou haxa un servizo permanente de vixilancia, se é posible, nas oficinas de Servizos Sociais da Barcala, porque houbo varios altercados en pouco tempo. A xente fáltalles ao respecto ás traballadoras municipais, insúltannas, e isto non se pode tolerar. A última vez, chamaron á policía local e a xente, ao ver á policía, marcha. Non é o primeiro caso. Ultimamente houbo varios altercados con distintas persoas, e solicita que a policía, ou ben vaia de forma continuada, ou pasen por alí máis a miúdo, porque está ben que os usuarios poidan reclamar, pero insultar ou ameazar, non. Se non fose posible a maior presenza policial, solicita un vixiante de seguridade, porque os funcionarios están a facer o seu traballo, e non se pode permitir que a xente lles insulte ou mesmo ameaze.

Informes da alcaldía

O señor alcalde solicita unha maior axilidade na tramitación dos asuntos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente


Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental


María Fernanda Montero Carré